



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) - CIF: P-1505700-C.-Telf., 981 88 52 50
Fax., 981 88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

BASES PARA A FORMACIÓN DE LISTAS DE AGARDA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.- AUXILIAR DE FOGAR

PRIMEIRA.- OBXECTO E CARACTERÍSTICAS.-

Efectuase esta convocatoria co fin de elaborar unha lista de aspirantes para aquelas contratacións laborais de duración determinada que se regulan no artigo 15 do RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e disposicións concordantes e de desenvolvemento, no intre no que xurda a necesidade e que se considere oportuno e convinte ó efectuar a contratación.

Estas Bases elabóranse tendo en conta a argumentación contida no Informe de Alcaldía de data 11 de decembro de 2019 e o Informe da Traballadora Social, dona Lorena Ferreiro Suárez, emitido con data 11 de decembro de 2019, en orde ó cumprimento do establecido no artigo 19.dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado.

Trátase de dar cobertura ó servizo de AUXILIAR DE FOGAR no departamento de servizos sociais deste Concello de Negreira.

SEGUNDA.- REQUISITOS PARA A ADMISIÓN Ó PROCESO SELECTIVO.-

Son os seguintes:

- 1º.- Nacionalidade española ou estranxeira sempre que se acredite a residencia legal en España.
- 2º.- Idade mínima: 16 anos. Non se poderá exceder da idade máxima fixada para a xubilación forzosa.
- 3º.- Estar en posesión da titulación dalgunha das seguintes titulacións:
 - Ciclo formativo de grao medio en atención sociosanitaria a persoas en situación de dependencia.
 - Ciclo formativo de grao medio de coidados auxiliares de enfermería ou equivalente.
 - Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais ou equivalentes.
 - Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente
- 4º.- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes tarefas. (acreditarase mediante declaración xurada).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) - CIF: P-1505700-C.-Telf., 981 88 52 50
Fax., 981 88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

5º.- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para exercer as funcións propias do posto. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público. (acreditarse mediante declaración xurada).

TERCEIRA.- HORARIO E RETRIBUCIÓNS SALARIAIS MENSUAIS.-

A xornada de traballo será de luns a venres e o horario serán variables, segundo á Auxiliar de Fogar substituída e/ou ás necesidades do servizo, máis a turnicidade de 3 horas dos sábados, atendendo ás necesidades do servizo.

A retribución será a estipulada no salario base bruto correspondente ás/ós traballadoras/es integrantes do servizo de axuda no fogar e segundo a franxa horaria de traballo.

CUARTA.- NATUREZA E DURACIÓN DO CONTRATO.-

O contrato será de carácter laboral e de duración determinada.

QUINTA.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.-

Para a elaboración das listas actuará unha Comisión de Selección que terá a seguinte composición:

PRESIDENCIA:

Titular: Dª Mª Paz Teijelo Mancebo, (administrativa)

Suplente: D. Marcos Pérez Lourido,(Coordinador de cultura e deportes

VOGALÍAS:

Titular: Dª Sonia Nieto López, (Orientadora Laboral)

Suplente: Dª Sonia Ponte Esturado, (Axente de emprego e desenvolvemento local)

Titular: D. Francisco Javier Portela Amor (Interventor)

Suplente: D. Alvaro Lira Gorgal (Coordinador de cultura e deportes)


SECRETARÍA:

Titular: Dª Patricia Barreiro Casal (administrativa)

Suplente: D. José Francisco Escudero Caamaño (administrativo)

SEXTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN A APORTAR.-

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) - CIF: P-1505700-C.-Telf., 981 88 52 50
Fax., 981 88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

As solicitudes presentaranse no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da convocatoria nun xornal dos de maior difusión da provincia.

Xuntarase o D.N.I ou, no seu caso, N.I.E e a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos e dos méritos alegados, en orixinal ou en fotocopia cotexada..

O punto 5 da Base Oitava acreditarase mediante a presentación do Informe de períodos de inscrición expedido polo Servizo Público de Emprego, ou documento que o substitúa no futuro.

As solicitudes e documentación anexa presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas y do procedemento administrativo común.

SÉTIMA.- APROBACIÓN DAS LISTAS.-

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Selección examinará a documentación presentada polos/as candidatos/as, de observar algún defecto que a devandita Comisión considere de carácter subsanable outorgáraselle á persoa interesada o prazo de 10 días hábiles para a subsanación referida (artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Unha vez transcorrido o prazo de subsanación, a Comisión de Selección elaborará unha acta na que se fará constar as puntuacións totais obtidas polos/as aspirantes e, de ser o caso, fixarase o procedemento a seguir, lugar, día e hora para efectuar os desempates que procederan.

Unha vez elaboradas as listas pola Comisión de Selección elevaranse á Alcaldía-Presidencia do Concello que as aprobará por Decreto. Con posterioridade, expóranse no Taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

OITAVA.- BAREMO APLICABLE PARA A VALORACIÓN DOS MÉRITOS.-

Será o seguinte:

1.- Por servizos da mesma natureza do que é obxecto destas bases ata un máximo de **4 puntos**:

0,20 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 15 días.

Os servizos prestados acreditaranse mediante a presentación de informe de vida laboral máis algún dos seguintes documentos:

- Certificado de servizos prestados.
- Certificado de empresa.

2.- Por cursos relacionados coa actividade a desenvolver e con ciencias da saúde, impartidos pola Administración Pública ou homologados, ata un máximo de **2 puntos**:

- De máis de 150 horas: 0,50 puntos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) - CIF: P-1505700-C.-Telf., 981 88 52 50
Fax., 981 88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

- De máis de 50 horas ata 150 horas: 0, 25 puntos.
- De máis de 10 horas ata 50 horas: 0, 15 puntos.
- De menos de 10 horas: 0,10 puntos.

3.- Por posuír unha titulación académica de nivel superior á requirida para a praza e relacionada coa mesma, computándose unicamente a titulación de maior nivel das acreditadas. Puntuación: 0,5 puntos.

4.- Polo coñecemento do idioma galego, computándose unicamente o grao superior acreditado e concedéndose validez en exclusiva ós cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.:

- Celga 2: 0, 25 puntos.
- Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0, 75 puntos.

5.- Pola inscrición como demandante de emprego, que se acreditará mediante Informe de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego, cun máximo de **2 puntos**:

0,05 puntos por cada mes completo ou fracción superior a 15 días.

NOVENA.-DESEMPATES NAS PUNTUACIÓNS TOTAIS.-

Para o suposto no que se produzan empates nas puntuacións totais obtidas por dous ou máis aspirantes, o desempate realizarse de acordo cos seguintes criterios:

1º Por servizos prestados: neste caso teranse en conta tódolos servizos acreditados da mesma natureza do que é obxecto das presentes bases sen o límite establecido dos 4 puntos (base oitava.1)

2º De persistir o empate, realizarase un sorteo público, co procedemento, hora, lugar e data que determine a Comisión de Selección.

DÉCIMA.- RÉXIME DE MODIFICACIÓN NA ORDE DE PRELACIÓN NAS LISTAS.-

A orde de prelación dos/as aspirantes incluídos nas listas irase modificando cos conseguintes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

1ª.- Se o/a aspirante chamado non puidera ser nomeado/a por causa xustificada, discrecionalmente apreciada, previo informe da comisión de selección, conservará a súa orde de prelación na lista; en caso contrario, será excluído/a da mesma.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) - CIF: P-1505700-C.-Telf., 981 88 52 50
Fax., 981 88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

2ª.- Se calquera dos/as integrantes da lista renunciara a formar parte da mesma, ou unha vez nomeado/a renunciara, fora separado/a do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, será excluído/a da lista.

3ª.- Se unha vez nomeado/a, o tempo traballado fora inferior a un ano, retornará ó posto que ocupaba na orde de prelación da lista no momento de ser chamado; se fora igual ou superior a un ano, pasará a ocupa-lo último lugar da lista.

UNDÉCIMA.- ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE SELECCIÓN.-

Os importes das asistencias á Comisión de Selección será os que se fixen pola norma que, no intre de que se trate, regule as indemnizacións por razón do servizo.

ANEXO MODELO DE SOLICITUDE CONCELLO DE NEGREIRA LISTAS DE AGARDA DE AUXILIAR DO FOGAR

DATOS PERSOAIS:

APELIDOS E NOME:
D.N.I:
DATA E LUGAR DE NACEMENTO:
TELÉFONO:
DOMICILIO (rúa, número, piso)
CÓDIGO POSTAL, CIDADE E PROVINCIA:

EXPOÑO QUE: CUMPRINDO OS REQUISITOS ESIXIDOS NA BASE SEGUNDA DAS QUE REXEN A CONVOCATORIA DA PRAZA DE REFERENCIA A CONTINUACIÓN RELACIONO A DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTO XUSTIFICATIVA DOS REQUISITOS E MÉRITOS:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) - CIF: P-1505700-C.-Telf., 981 88 52 50
Fax., 981 88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

**SOLICITA SER ADMITIDO/A NA CONVOCATORIA PARA A LISTA DE AGARDA
CORRESPONDENTE A AUXILIAR DO FOGAR.**

_____, _____ de _____ de 201.....

Asdo : _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEGREIRA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Don/Dona----- co
NIF nº ----- e enderezo en -----
-----; con ocasión de concorrer na convocatoria-----
-----.

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

Posúo a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes tarefas.

Negreira, de de 20

Asdo.

Don/Dona----- co
NIF nº ----- e enderezo en -----
-----; con ocasión de concorrer na convocatoria-----
-----.

DECLARO BAIXO XUTAMENTO QUE:

Non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calqueira das administracións públicas nin me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para exercer as función propias do posto. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Negreira, de de 20

Asdo.